

O MURAL. ANÁLISE DIDÁCTICO DUN RECURSO NO PRACTICUM DE MAXISTERIO

*Dios Pérez, José Ignacio****

Domínguez Castiñeiras, José Manuel *

Illobre González, M^a Laura **

*Piñeiro Magariños, Esther****

Sampedro Pacheco, Henrique Manuel ***

Teira Parada, Luís ***

*Varela Oubiña, Rocío****

* Asesor de Prácticas Escolares III. Departamento de Didáctica das Ciencias Experimentais. Universidade de Santiago.


** Mestra Titora. Colexio Público de Vite. Santiago de Compostela.

*** Alumnos de Prácticas Escolares III. Facultade de Ciencias da Educación.

INTRODUCCIÓN

No documento interno aprobado pola comisión de prácticas da diplomatura de Maxisterio (Rodríguez López, 1996), contéplase un modelo de profesor, profesor reflexivo (Shön, D.A. 1993; Pérez Gómez, A. 1993), capaz de conecta-la teoría coa práctica e de reflexionar sobre ésta para iluminar a teoría dende a mesma práctica. Xa que logo, pátrese do suposto de que aprender a ser profesor esixe a conxunción entre coñecementos teóricos e práctica de ensino.

Figura 1



Entre as tarefas que deben realiza-los alumnos durante as Prácticas Escolares III (Figura 1) recóllese a de **“análise de materiais curriculares utilizados polos profesores e alumnos”**.

Parece necesario clarificar primeiro o termo material curricular. Escaño e Gil (1994) engloban este concepto no de recurso didáctico, indicando que *“son libros de texto, propostas de actividades, libros de consulta, programacións, xogos didácticos, é dicir, recursos de todo tipo para o traballo do profesor e dos alumnos. Aínda que constitúen propostas concretas de intervención poden adaptarse ás distintas necesidades”*. Aclaran tamén que os materiais curriculares actuais, baseados nun curriculum aberto e flexible, teñen cada un deles a característica de poder presentar varias alternativas de actuación dentro do amplo marco básico que establece o *curriculum*.

Haí dous elementos importantes no concepto de material curricular que propoñen os devanditos autores: por unha banda o de ser un **recurso didáctico** e por outra a característica de presentar **diferentes alternativas de actuación**.

Tratando de clarifica-lo concepto de recurso didáctico atopámonos con que os diferentes autores (Medina e Sevillano 1990, Sainz de Vicuña 1993, García 1995) danlle significados diferentes. Arias e Mora (1997) propoñen unha definición na que aproximan os dous termos: medios e recursos didácticos: *“recursos didácticos son, de xeito amplo, todo aquilo que se pode usar no eido educativo para conseguir-las finalidades que se teñan previstas nos proxectos curriculares, é dicir, tódolos medios que, usados polo alumnado ou polo profesorado, favorecen o proceso de ensino-aprendizaxe”*.

Cando se fala de recursos didácticos para o ensino aprendizaxe das Ciencias, Harlen (1989) pon énfase na utilización dos recursos didácticos considerándoos como materiais necesarios para que os nenos observen, investiguen e se interesen activamente nas tarefas de aula. Dende esta perspectiva os recursos para o ensino concíbense como os materiais, obxectos e axudas que poidan utilizarse para facilitar ós nenos a aprendizaxe. Brañas e Jiménez (1995) ofrécennos, pensando nos profesores e nos alumnos, un listado exhaustivo de recursos existentes en Galicia para utilizar fora e dentro da aula. Aínda que o primeiro elemento do concepto de material curricular parece clarificarse, non ocorre así co segundo. As diferentes alternativas de actuación e, polo tanto as funcións que cumpren estes materiais, están orientadas a facilita-la intervención do profesor: presentar contidos, motivar, apoiar unha exposición, permitir simulacións, ...; ou de facilitar certas tarefas ó alumnado: axudar a experimentar, utilizar datos, facilita-la observación, ...olvidando, polo que parece, unha das funcións importantes dos recursos didácticos no proceso de integración da teoría coa práctica que debe realizar un profesor reflexivo cal é a de poñer de manifesto **que coñecemento teñen os seus alumnos sobre un determinado contido para proceder á súa aprendizaxe**.

En segundo lugar indicar tamén que esta actividade de análise de materiais curriculares utilizados polos profesores e alumnos está directamente relacionada coa planificación da unidade didáctica correspondente e a posterior actuación na aula durante a que os alumnos en prácticas desenvolven a devandita unidade.

Pero os alumnos en prácticas, ademáis das actividades que realizan na aula durante a súa intervención educativa, colaboran en actividades organizadas con carácter xeral para que participen tódolos nenos do colexio. O Nadal, o Magosto, o Día da Árbore, ..., poderían ser as actividades que suscitan un interese común en moitos dos colexios nos que reali-

zan as prácticas os nosos alumnos. Estas actividades están centradas sobre todo nos aspectos culturais, referidos a valores, normas e actitudes, para o desenvolvemento dos denominados contidos actitudinais. É nestas actividades onde queremos centra-la nosa atención pois, ben planificadas, pódense converter en útiles instrumentos para explorar-lo coñecemento que teñen os nenos sobre determinados contidos obxecto de aprendizaxe.

A ELABORACIÓN DO MURAL

Co motivo do Día da Árbore o Departamento de Matemáticas e Ciencias Naturais, representado pola súa coordinadora, suxeriu a elaboración dun grande mural. Algúns dos alumnos en prácticas ofreceron a súa colaboración .



C.P. de Vite. *O Mural.*

O traballo consistía na elaboración dun mural, na entrada do colexio, para que fora visible por toda a comunidade educativa. En 7 x 3 metros de papel íase representar unha fraga galega na que había debuxados distintos animais e prantas. A realización desta paisaxe fíxoas, con ceras blandas, o alumnado en prácticas. Mentres uns facían o mural outros facían, coa axuda de cartolinas, o tronco e as pólas dun carballo. Así quedaba confeccionado o esqueleto da árbore.

Pasouse por tódalas aulas unha plantilla feita de cartón con forma de folla de carballo. Cada un dos nenos e nenas fixo a súa folla en papel branco coa axuda da plantilla e do correspondente folio. A continuación escribiron unha frase na folla de papel que facía alusión ó día da árbore e decoraron a folla ó seu gusto. Posteriormente as follas foron pegadas no mural, sobre as pólas do carballo, de xeito que as frases escritas nas follas quedaban á vista de todos para que poideran ser lidas.

A posterior visita ó colexio do profesor asesor de prácticas, que como docente do prácticum debe supervisa-la actividade dos seus alumnos, dou lugar a unha reunión coa coordinadora do Departamento de Matemáticas e Ciencias Naturais do Colexio e cos alumnos de maxisterio.. Nesta reunión xurdiu a idea de analizar máis polo miúdo o cartel conmemorativo do Día da Arbore. As frases dos nenos poderían reflexa-las ideas que lle suxería o día sinalado. ¿Poderíanos servi-lo mural para poñer de manifesto o coñecemento que teñen eses nenos e nenas sobre cuestións relacionadas co coidado e conservación da Natureza?

Neste momento pasouse a utilizalo-lo mural, ademáis de como un recurso didáctico para facilita-lo sentido lúdico da aprendizaxe, como un instrumento de exploración das ideas que os nenos e nenas teñen sobre o tópic en cuestión.

OS DATOS

Foi necesario voltar ás aulas para ver a quen pertencía cada frase co obxectivo de determinar a relación coa idade e o nivel educativo dos autores das mesmas.

Unha vez que completamo-la información procedemos ó vaciado das ideas que contiñan as frases escritas nas 171 follas de carballo que se contabilizaron, correspondentes a outros tantos alumnos e alumnas de diferentes niveis educativos. Dada a regularidade con que se repetían unha serie de ideas procedemos a categorizalas segúndo se indica na táboa 1.

Táboa 1

IDEAS RELACIONADAS COA	3° Prim.. N = 16	4° Prim. N = 19	5° Prim. N = 15	6° EXB N = 32	7° EXB N = 37	8° EXB N = 52	Frecuencia N = 171
a. Conservación da Natureza	8	2	1	12	13	24	60
b. Conservación das árbores							
b.1.Productoras de osíxeno	1	5	3	7	12	8	36
b.2. Protectoras contra a contaminación	2	6	-	4	3	4	19
b.3. Formadoras de paisaxe	2	1	2	1	4	7	17
b.4. Protectoras dos animais	-	-	7	1	-	2	10
c. Repoboación forestal	1	3	2	1	2	3	12
d. Reciclaxe	-	-	-	4	2	2	8
Non codificables	2	2	-	2	1	2	9

ANÁLISE DE DATOS

Na táboa 1 aparecen catro categorías de ideas incluídas nas frases que escribiron os alumnos nas súas follas de carballo.

a. **Conservación da natureza:** A maior parte das ideas do alumnado (60 frases) fan referencia, de forma xenérica, á idea de respecto e coidado da natureza en clara referencia a necesidade de conservación da mesma.

Exemplos:

“Respetar a natureza e ós que viven nela e eles tamén te respetarán” (alumna de 13 anos).

“A natureza é a túa vida. Non a desprecies. ¡Coidaa!” (alumna de 13 anos).

b. **Conservación das árbores:** Unha segunda idea que aparece con frecuencia é a idea da necesidade da conservación das árbores. Xustifican esta idea de varias maneiras:

b.1. Productoras de osíxeno: Fan referencia a esta idea 36 das frases analizadas. Estes alumnos e alumnas asocian a vida co osíxeno e xustifican a conservación das prantas dado que elas son as productoras dese gas necesario.

Exemplos:

“As árbores dan vida e producen osíxeno” (alumna de 9 anos).

“Non cortéde-las árbores, necesitamos osíxeno” (alumna de 13 anos).

b.2. Protectoras contra a contaminación: Un total de 19 alumnos relacionan a conservación das árbores co control da contaminación.

Exemplo:

“Non se poden corta-las árbores porque nos quitan a polución do aire que respiramos” (neno de 9 anos).

b.3. Formadoras de paisaxe: Indican esta idea 17 alumnos en clara referencia á relación entre a paisaxe e a calidade de vida

Exemplos:

“As árbores non se deben cortar porque son a natureza que fan a paisaxe máis bonita” (alumna de 9 anos).

b.4. Protectoras dos animais: 10 alumnos indicaron ideas sobre a relación entre as prantas e os animais. Incluso aparece algunha poesía ilustrativa.

Exemplos:

“Protexámo-las árbores, nelas fan os niños os paxaros” (neno de 12 anos).

*“Encima de una hoja
cantaba un ruiseñor
yo con su alegre canto
cantaba una canción.*

*Toda la gente
a su sombra reía,
hablaba del árbol
con mucha simpatía.*

*Dentro de su tronco
una ardilla reía
que almacenaba bellotas
con mucha alegría.*

*Todos los árboles
nacen de unas semillas
pero cuando crecen
forman unas bonitas sombrillas.”*

(nena de 10 anos)

c. **Repoboación forestal:** esta idea subxace nas frases de 12 nenos e nenas. Inclúese na mesma a idea de non deforestación.

Exemplos:

“Polo noso ben tratar de repoboar en non cortar” (neno de 12 anos).

“Por cada árbore que cortes pranta dous máis” (nena de 12 anos).

d. **Reciclaxe:** esta idea, relacionada coa reciclaxe do papel, aparece con pouca frecuencia e só nos cursos superiores.

Exemplo:

“Non tire-lo papel, recíclao” (neno de 11 anos).

e. **Non codificables:** Incúense nesta categoría aquelas frases que pola súa natureza non podemos categorizar nalgunha das anteriores categorías.

CONCLUSIÓNS E IMPLICACIÓNS

Relacionan o Día da Árbore coa conservación da natureza 60(35%) alumnos, pero non xustifican por que é necesario conservala.

Relacionan o Día da Árbore coa conservación das árbores un total de 82 (48%) alumnos, pero a diferenza dos anteriores indican algún tipo de xustificación:

- Porque son productoras de osíxeno (36 alumnos, 21%)
- Porque nos protexen contra a contaminación (19 alumnos, 11%)
- Porque son creadoras de paisaxe (17 alumnos, 10%)
- Porque protexen ós animais (10 alumnos, 6%)

Relacionan o día da Árbore coa repoboación forestal 12(7%) alumnos e coa reciclaxe de papel, 8(5%) alumnos pero tampouco dan xustificación de por que hai que repoboar e reciclar papel.

Xa que logo un 47% dos alumnos que participaron na elaboración do mural parecen aceptar a idea de que hai que coida-la natureza, como un principio que non necesita xustificación.

Non existe, a vista dos datos, unha relación directa entre o nivel educativo dos alumnos e a posibilidade de que exista unha xustificación nas súas respostas.. Ademáis unha mesma xustificación é expresada tanto por alumnos de niveis inferiores como por alumnos de niveis superiorés. Destes datos pódese inferir que o coidado e a conservación da Natureza e das árbores é unha idea que, non somentes se aprende na escola, senón tamén se aprende fora dela.

Si o que pretende un profesor reflexivo e que os seus alumnos aprendan significativamente, isto supón non somentes que os alumnos memoricen comprensivamente senón que os contidos aprendidos teñan unha funcionalidade, é dicir, que lles sexan útiles na interpretación do seu entorno e lles axuden na toma de decisións.

Probablemente debera alertarnos que un 47% dos alumnos manifesten que hai que conserva-la natureza pero non indican xustificación algunha de por que. Isto poidera facernos reflexionar sobre dúas posibles causas:

a. Os alumnos non indican xustificación porque non se lles pedíu explicitamente que o fixeran.

b. Que aprenderon que hai que conserva-la Natureza pero que esta aprendizaxe, polo que parece, non ten para eles funcionalidade.

Si a reflexión na acción é a actitude profesional que consiste en analiza-lo traballo que se fai cos alumnos para aprender del, dita reflexión supón enriquece-las ideas a través da práctica e mellora-la práctica a través das novas ideas. A axuda que damos ós alumnos é produto do que pensamos sobre cal debe ser o noso papel, pero é a reflexión sobre os distintos resultados da nosa intervención a que debe enriquecer, matizar ou cambiar a maneira de axudar ó alumno. Probablemente sería necesario reflexionar sobre como se está a comunicar entre o público a idea de coidado e conservación da Natureza, non somentes no ensino obrigatorio, senón tamén naquelas outras instancias sociais implicadas.

Probablemente o mural conmemorativo do Día da Árbore constituíu un instrumento útil para axudar ós alumnos en prácticas, futuros mestres, na aprendizaxe do que é un mestre reflexivo.

REFERENCIAS

- ARIAS CORREA, A. E MORA DOMÍNGUEZ, M^a. C. 1997. Os recursos e a súa avaliación. *Revista Galega do Ensino*, 14, 141-154
- BRAÑAS, M.P. e JIMÉNEZ, M^a.P. 1995. Recursos en Galicia para a Área de Ciencias da Natureza, *Revista Galega de Educación*, 22, 61-65.
- ESCAÑO, J. e GIL DE LA SERNA, M^a. 1994. *Cómo se aprende y cómo se enseña*. ICE/HORSORI. Barcelona.
- GARCÍA ARTO, F. 1995. Guía para la evaluación de materiales curriculares impresos, *Aula de Innovación Educativa*, 40-41, 77-80.
- HARLEM, W. 1989. *Enseñanza y Aprendizaje de las Ciencias*. MEC/Morata. Madrid.
- MEDINA, A. e SEVILLANO, M^a. L. 1990. *Didáctica adaptación*. UNED. Madrid.
- PÉREZ GÓMEZ, A. 1993. *La interacción teoría-práctica en la formación docente*. En “Las Didácticas Específicas en la Formación del Profesorado”. Editores, Lourdes Montero Mesa e José Manuel Vez Jeremías. Tórculo Edicións. Santiago de Compostela. pp 29-51.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, XULIO, 1996. *Prácticas Escolares III. Educación Primaria. Orientacións Xerais sobre as Prácticas Escolares*. Escola Universitaria de Maxisterio de Santiago. Documento interno policopiado.
- SAINZ DE VICUÑA, P. 1993. Los recursos materiales en educación infantil. *Aula de Innovación Educativa*, 11, 31-37.
- SCHÖN, D.A. 1993. *Teaching and Learning as a Reflective Conversation*. En “Las Didácticas Específicas en la Formación del Profesorado”. Editores, Lourdes Montero Mesa e José Manuel Vez Jeremías. Tórculo Edicións. Santiago de Compostela. pp 5-27.